

## **SAN JOSEMARÍA ESCRIVÁ DE BALAGUER, PRESBITERO**

### **Antifona de entrada**

Xer 3, 15

Dareivos uns pastores conforme ó meu corazón.  
Eles hanvos guiar con sabiduría e prudencia.

### **Oración**

Deus, que suscitaches na Igrexa a san Josemaría, sacerdote,  
para proclamar a vocación universal á santidad e ó apostolado:  
concédenos, pola súa intercesión e o seu exemplo,  
que, mediante o traballo cotián,  
sexamos configurados ó teu Fillo Xesús  
e sirvamos con amor ardente á obra da Redención.  
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

### **Oración sobre as ofrendas**

Acolle estes dons que che ofrecemos, Pai Santo,  
na conmemoración de san Josemaría;  
para que, polo sacrificio ofrecido por Cristo no altar da cruz,  
que se fai presente neste sacramento,  
te dignes santificar tódalas nosas obras.  
Por Cristo, noso Señor.

### **Antifona da comunión**

Mt 20, 28

O Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir  
e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

### **Oración despois da comunión**

Señor, Deus noso,  
este sacramento que recibimos  
na conmemoración de san Josemaría,  
fortaleza en nós o espírito de fillos adoptivos,  
para que, cumprindo fielmente a túa vontade,  
percorramos con alegría o camiño da santidad.  
Por Cristo, noso Señor.